



LUNS, 19 DE AGOSTO DE 2024 LUNES, 19 DE AGOSTO DE 2024 | BOP NÚMERO 158

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Emenda bases unha praza coordinador/a servizos sociais

Por Decretos de Alcaldía nº 1782/2024 de data vinte e sete de xuño de dous mil vinte e catro, e nº 2197/2024 de data oito de agosto de dous mil vinte e catro eméndanse as bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura en propiedade, dunha praza de persoal laboral fixo, Técnico Superior, Grupo I (A1), de Coordinador/a de Servizos Sociais, polo procedemento de concurso-oposición en quenda restrinxida de promoción interna, publicadas no BOP de A Coruña nº 115 de data 14 de xuño de 2024.

PRIMEIRO.- Proceder a emenda da base 6.1.2 das reguladoras referida ao baremo de méritos da fase de concurso, no apartado 1.B da formación académica, donde di:

“1.B.- Outra formación relacionada coa Administración Pública (máximo 5 puntos)

- Por formación relacionada coa Administración Pública e indirectamente co posto de traballo, incluída formación transversal (procedemento administrativo, xestión de expedientes, contratación administrativa, administración electrónica, protección de datos e inclusive accións formativas en prevención de riscos laborais e similares): 0,10 por cada 25 horas acumuladas ata un máximo de 2 puntos. A puntuación deste apartado realizarase sumando todas as horas lectivas, dividindo entre 25, desbotando as fraccións (decimais) e multiplicando por 0,10 puntos.”

Debe decir:

“1.B.- Outra formación relacionada coa Administración Pública (máximo 5 puntos)

- Por formación relacionada coa Administración Pública e indirectamente co posto de traballo, incluída formación transversal (procedemento administrativo, xestión de expedientes, contratación administrativa, administración electrónica, protección de datos e inclusive accións formativas en prevención de riscos laborais e similares): 0,10 por cada 25 horas acumuladas ata un máximo de 5 puntos. A puntuación deste apartado realizarase sumando todas as horas lectivas, dividindo entre 25, desbotando as fraccións (decimais) e multiplicando por 0,10 puntos.”

Igualmente proceder a emenda da base 6.1.2 das reguladoras, no apartado 2 da experiencia profesional do baremo de méritos, donde di:

- “2.1.- Por experiencia profesional na Administración Pública (eido local, equipas de servizos sociais supramunicipais, provinciais ou eido autonómico) como Coordinador/a de servizos sociais e análogos asimilados ao grupo I-A1: 1 punto por cada 6 meses acumulados
- 2.2.- Por experiencia profesional na Administración Pública (eido local, equipas de servizos sociais supramunicipais, provinciais ou eido autonómico), no grupo/subgrupo II-A2 en postos técnicos da mesma área competencial e relacionados coas funcións da praza convocada (Traballador/a Social, Educador/a Social, Técnico/a medio de servizos sociais e análogos): 0,50 puntos por cada 6 meses acumulados”

Debe decir:

- “2.1.- Por experiencia profesional na Administración Pública (eido local, equipas de servizos sociais supramunicipais, provinciais ou eido autonómico) como Coordinador/a de servizos sociais e análogos, con categoría/grupo I-A1: 1 punto por cada 6 meses acumulados
- 2.2.- Por experiencia profesional na Administración Pública (eido local, equipas de servizos sociais supramunicipais, provinciais ou eido autonómico), noutros postos técnicos da mesma área competencial do grupo/subgrupo I-II/ A1-A2 e relacionados coas funcións da praza convocada (Psicólogo/a; Pedagogo/a; Traballador/a Social, Educador/a Social, Técnico/a medio de servizos sociais e análogos): 0,50 puntos por cada 6 meses acumulados”

SEGUNDO.- Proceder á emenda do enunciado dos temas 17 e 26 do temario específico anexo á convocatoria e bases reguladoras (Anexo II), donde di:

“17. Clasificación e tipoloxía dos centros de menores na Comunidade Autónoma de Galicia”

Debe decir:

“17. A atención temperá na infancia: Definición. Normativa. A Rede galega de atención temperá e o Servizo de atención temperá do Concello de Arteixo”

Donde di:

“Tema 26: Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade...”

Debe decir:

Tema 26: Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Especial referencia ao Título preliminar e Título I.

TERCEIRO.- No Anexo III: Modelo de autobaremo, debe omitirse o contido do paréntese “para autobaremar os seus méritos siga estritamente o establecido nas Bases reguladoras e lembre que NON debe aportar a documentación acreditativa ata resolución da fase de oposición” pois as Bases determinan que dita documentación presentarase no prazo de presentación de instancias xunto coa demais documentación.

Arteixo, 13 de agosto de 2024

Asdo.- Carlos Calvelo Martínez, Alcalde-Presidente

2024/5798